



CONCELLO DE ENTRIMO  
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachán  
32860 – ENTRIMO (Ourense)  
Tlf:988434666 Fax:988434610  
concello.entrimo@eidolocal.es*

## ANUNCIO

Por resolución da Alcaldía de data 27 de xuño de 2013 aprobáronse as bases para a selección e posterior contratación de cinco traballadores para a formación dunha brigada de prevención e defensa de incendios forestais.

1.- Número e denominación das prazas: 1 xefe de brigada. 1 peón conductor e 3 peóns forestais

2.- Modalidade de contratación: contrato laboral temporal por obra ou servizo determinado a xornada completa

3.- Duración do contrato: tres meses

4.- Sistema de selección: concurso

5.- Retribucións totais:

Xefe de brigada: soldo: 1.100,00 euros / mes brutos, incluída a parte proporcional das pagas extra.

Peóns forestais e peón conductor: soldo: 982,53 euros / mes brutos, incluída a parte proporcional das pagas extra.

6.- Lugar e prazo de presentación de instancias: 5 días naturais contados dende a publicación deste anuncio e das bases no taboleiro de edictos e na páxina web [www.concelloentrimo.es](http://www.concelloentrimo.es), no rexistro do Concello de Entrimo, en horario de 9:00 a 14:00 horas, ou por calquera dos medios admitidos en dereito. Remata o prazo o día 3 de xullo de 2013.

7.- Exposición das bases: O texto completo das bases de selección están publicadas no Taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web [www.concelloentrimo.es](http://www.concelloentrimo.es).

Entrimo, 27 de xuño de 2013  
O Alcalde.

Asdo.: Ramón Alonso López

